PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 18/06/2024 14:19:14
Nº Rexistro: 1269
Data envio: 18/06/2024 14:19:14.694

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 18 de xuño de 2024**,** adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2. Réxime Interior

2.2. Estatuto dos Grupos Parlamentarios

2.2.1.Dotacións e subvencións aos grupos parlamentarios

O artigo 27.1º do Regulamento do Parlamento de Galicia dispón:

1. O Parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles. Ditas contías fixaraas a Mesa da Cámara dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.

A disposición de locais e adecuación para os grupos parlamentarios coa correspondente dotación de mobiliario está en execución. Asemade facilítase pola institución outros medios materiais e inmateriais como elementos informáticos, recursos ofimáticos, e servizos de prensa que por razóns de seguridade informática, administración electrónica, interoperabilidade, comunicabilidade, eficiencia na asignación de recursos públicos ou mesmo homoxeneidade da imaxe, se afrontan con cargo ao orzamento da cámara directamente seguindo os procedementos de contratación estipulados pola normativa aplicable. Ao que engadir, a dispoñibilidade do persoal da cámara para atender axilmente esas necesidades dos grupos parlamentarios, cara a unha maior coordinación e colaboración na execución dos recursos que redunda no bo funcionamento do Parlamento.

No tocante ás subvencións dos grupos parlamentarios, a principios de cada lexislatura determínanse pola Mesa do Parlamento, no marco da dotación orzamentaria existente para tal fin. Asemade, no acordo da Mesa da Cámara do 15 de marzo de 2006, adoptouse a creación dunha subvención finalista dedicada a afrontar parte dos gastos de persoal de cada grupo, a cal se ten mantido concretando os termos en cada lexislatura.

Os grupos deberán levar unha contabilidade específica das subvencións que porán a disposición da Mesa do Parlamento con carácter anual a petición desta e publicarase no Portal de Transparencia. Loxicamente, como entidades que reciben recursos públicos o seu uso, aínda estando exceptuados de aplicáreslles a normativa de subvencións si deben atender as estipulacións que a Mesa do Parlamento puidera establecer no seu caso, como as exixidas na normativa de financiamento de partidos políticos nos termos que ten indicado o Tribunal de Cuentas (Moción relativa á modificación da normativa sobre financiamento e fiscalización dos partidos políticos" aprobada na sesión do 30/10/2001 e

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-vazsy00Oq-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

elevada ás Cortes xerais), deslindando na medida do posible os gastos do grupo parlamentario cos da formación política, e a expensas do que os órganos de control externo puideran requirir. Nesa liña, os grupos desta cámara dispoñen do seu propio CIF, conta bancaria e persoal adscrito.

Polo exposto, e partindo dos antecedentes dos importes asignados na actualidade, e unha vez postos de acordo os diferentes grupos parlamentarios, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte ACORDO:

1.º) O importe das subvencións aos grupos parlamentarios é o seguinte:

- Subvención fixa por grupo parlamentario: 12.500,00 €/mes.

- Subvención variable: 2.200,00 €/mes por membro do grupo.

- Subvención finalista: 8.300,00 €/mes de base por grupo de 5 deputados ao que engadir 100€/mes por deputado que o conforme.

O importe das subvencións ao grupo mixto será a razón de 1/5 dos importes da subvención fixa e da base da finalista indicados neste apartado por deputado que o integre, ademais dos 2.200€/ mes da variable por deputado.

Para a subvención variable e a adicional da finalista atenderase, para toda a lexislatura, ao número de escanos que corresponde a cada grupo parlamentario na súa constitución, ou de ser, o caso, o que resulte tras moverse algún membro ao grupo mixto.

2.º) A subvención finalista dedicarase a afrontar os custes salariais e sociais do persoal técnico e/ou administrativo que precisen ata o límite da achega.

Para que cada grupo reciba o importe mensual desta subvención presentará na unidade de Intervención e asuntos económicos un oficio asinado polo voceiro do grupo no que se relacionara o persoal subvencionado e declarará o compromiso do efectivo pagamento dos seus custes laborais e sociais. Xuntarase a copia dos contratos e da primeira nómina. Ilo será á maior brevidade tanto ao comezo da lexislatura como coa incorporación dun novo persoal e comunicación da baixa do existente. De igual xeito, para acreditar a anualidade completa, nos primeiros 25 días de xaneiro achegarán as nóminas dos 12 meses anteriores e TCs para a súa fiscalización pola Intervención. De ser estes gastos inferiores no cómputo do mes, reducirase a achega ata ese importe.

3º) A devindicación producirase con efectos retroactivos ao día da constitución do Parlamento da XII Lexislatura. Para tal fin a diferenza desta anualidade (do 18/03/2024 ao 31/12/2024) será afrontado con cargo a un suplemento de crédito financiado co remanente de tesouraría.

No tocante á subvención finalista, atendendo a petición do grupo parlamentario socialista presentada por rexistro, habida conta de que o acordo entre os grupos que dan base a estas subvencións tense demorado, autorízase excepcionalmente que se xustifique cos gastos de persoal que o partido político teña asignado no Parlamento galego para o período que vai dende o 18 de marzo de 2024 ata agora, debendo en diante de dispor de persoal contratado co CIF do grupo para recibir a achega finalista.

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-vazsy00Oq-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 18/06/2024 14:19:14
Nº Rexistro: 1269
Data envio: 18/06/2024 14:19:14.694

PARLAMENTO DE GALICIA

4º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios e á Intervención e Asuntos Económicos e publicalo no Portal de transparencia da Cámara.

Anexo subvencións grupos parlamentarios XII lexislatura

GRUPO PARLAM.	Deputados nº	FIXA 12.500€/mes	Variable 2.200€ deputado/mes	Finalista *	TOTAIS
PP	40	150.000	105.6000	147.600	1.353.600
BNG	25	150.000	660.000	129.600	939.600
PSOE	9	150.000	237.600	110.400	498.000
D.O.	1	30.000	26.400	19.920	76.320
TOTAIS	75	480.000	1.980.000	407.520	2.867.520

*8.300€/mes por grupo e 100€/mes mais por cada deputado.

	Custe anual	Custe 18/03-31/12/2024
Partida orzamentaria: 01.01.111B.481.00 subvención grupos	2.460.000,00	1.941.350.00
Partida orzamentaria: 01.01.111B.481.01 subvención finalista	407.520,00	321.601,20

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2024

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.18 14:15:08 +02'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-vazsy00Oq-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 18/06/2024 14:19:14
Nº Rexistro: 1269
Data envio: 18/06/2024 14:19:14.694

Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 18/06/2024 14:15:08

CSV: REXISTRO-vazsy00Oq-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/